

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2017

*Amizade, conexión
epistolar e redes
socioliterarias:
Rosalía, Pondal
(e Murguía)*

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº2 · 2017

ARTIGO

*Amizade, conexión epistolar
e redes socioliterarias:
Rosalía, Pondal (e Murguía)*

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña

manuel.ferreiro@udc.gal

PALABRAS CHAVE

Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, redes socioliterarias, correspondencia Pondal/Rosalía

RESUMO

Neste artigo son analizadas as intensas relacións persoais entre tres figuras fundamentais do Rexurdimento: Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro. A través de testemuños documentais e de acontecementos biográfico-culturalais, móstrase a profunda conexión socioliteraria e ideolóxica entre estes tres fundamentais artífices da Galiza contemporánea.

KEYWORDS

Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, socioliterary network, Pondal/Rosalía's letters

ABSTRACT

This article analyzes the intense personal relationships between three fundamental personalities of the *Rexurdimento*: Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro. Through documentary testimonies and biographical and cultural events, we can show a strong socioliterary and ideological connection between these three essential persons of our contemporary history.

Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro constitúen unha tríade fundamental nos alicerces do Rexurdimento. Con moi pouca diferenza de idade entre eles (Murguía naceu en 1833, Pondal en 1835 e Rosalía dous anos despois, en 1837), ligados por lazos matrimoniais Murguía e Rosalía, a temperá amizade entre os tres e a súa pertenza á mesma xeración contextualizan e explican, cando menos parcialmente, a súa implicación na (re)construción dunha Galiza que renacía: Rosalía e Pondal desde a creación literaria, e Murguía desde o ámbito historiográfico e a acción político-organizativa^[1]. Eis as palabras de Murguía, pasadas dúas décadas do inicial convivio compostelán con outros moitos integrantes dunha xeración fundamental na Galiza decimonónica:

Despues de la gloriosa época de 1840 á 43, en que la Universidad de Santiago contaba entre sus alumnos á Rua Figueroa, Faraldo, Romero Ortiz, Chao, Neyra de Mosquera, Carracido, Cociña y Ulloa, nunca se sentó en sus bancos una juventud más entusiasta, inteligente y apasionada que [la] de 1850 á 1856. Ouviaña, aquel reaccionario de veinte años, que tan pronto debía abandonarnos; Aurelio Aguirre, que obtenía una popularidad como jamás gozó otro alguno á su edad; Rodriguez Seoane, Anciles, San Julian, Olivares, Salustio Alvarado, Soto Obanza, Pondal, Alonso, Lopez San Martin, una de las mayores y más desconocidas inteligencias de nuestro país, que formó con Marcial Taboada y el que estas líneas escribe una trinidad inseparable, y hasta aquel que fué en vida nuestro hermano querido, más que por los lazos de la sangre, por los del cariño y los de la comunidad de sentimientos y aficiones, unos más jóvenes que otros, pero nacidos del 1833 al 40, brillaban todos ellos en las aulas compostelanas y prometían días de gloria á nuestro país (Murguía 1879: 14, n. 1).

I. O inicio das relacións entre Pondal e Rosalía (de Santiago a Muxía)

Eduardo Pondal chega a Santiago de Compostela no ano 1848 para se incorporar á “segunda enseñanza”, após os estudos na reitoral de Vilela de Nemiña (Ferreiro 1991: 265). Alí exercía o seu maxisterio o clérigo don Cristóbal de Lago, que instruíu un grupo de rapaces, entre outros saberes, na *arte do erudito Nebrija* (gramática castelá) e *do bo Villafañe* (gramática latina), tal como o Bardo lembra en 1895 no poema autobiográfico *O dolmen de Dombate*, complementario doutro publicado xa en *Rumores de los pinos* (1877), en que rememora eses estudos e os compañeiros de escola (Ferreiro 2017: 17-20).

Ao mesmo tempo, a presenza de Rosalía en Santiago está documentada no ano 1850, mais a venda da casa familiar padronesa en 1847 fai moi probábel que a chegada de Rosalía a Santiago se tivese producido xa en 1846, data coincidente coas afirmacións de Murguía sobre este pormenor cronolóxico (Lama 2017: 82-83).

[1] Sen dúbida, Murguía, Pondal e Rosalía formaban un núcleo desa verdadeira *network* que constituíu globalmente o Rexurdimento (cfr. *infra*), con múltiples relacións, conexións e interferencias (e conflitos) entre os seus membros (véxase, centrado no matrimonio Rosalía / Murguía, o subcapítulo “Proxecto cultural e rede social” en Rodríguez 2011: 606-612).

Na cidade compostelá, a partir de institucións xa finadas, como a Academia Literaria (fundada en 1840) e o Liceo Artístico y Literario (1847), ambos os dous, Rosalía e Pondal, van participar no Liceo de la Juventud, no convento de Santo Agostiño (constituído en 26-4-1847, o seu regulamento é aprobado en 1848), que, a diferenza das sociedades precedentes, admitía a participación feminina nas súas actividades (Álvarez Ruiz de Ojeda 2000: 12-13; Lama 2017: 89-106). Alí coincidían Pondal e Rosalía, sen dúbida, unha das “discretas y hermosas damas, poetisas casi todas”:

En el inolvidable «Liceo de San Agustín,» heredero de una pedestre sociedad dramática fundada en el ex-cuartel de Compostela, agrupábanse, galanteaban y bullían, enlazados más aún que por los vínculos universitarios, por la igualdad de gustos, Aguirre, Pondal, Rodríguez Seoane, Vazquez Feijóo, Alvarado, Anciles, Arcay, Seijas, Bahamonde, Bustillo, Curvia, San Julian, Fernandez Ulloa, y otros cien, girando en torno de muy discretas y hermosas damas, poetisas casi todas, cuyos nombres omitimos porque han muerto muy pocas de sus dueñas, y sería pecado de mal gusto enterar al público de que ya entónces vivían (Vicenti 1879: 323).

Esa mesma convivencia é tamén subliñada por Rodríguez Seoane, que inclúe Murguía nas actividades do Liceo antes da súa marcha a Madrid en 1851 para iniciar os fracasados estudos de Farmacia (Barreiro Fernández 2012: 116-121):

No vamos á escribir la biografía de esta insigne escritora [Rosalía], que nosotros hemos conocido y tratado en los felices y primeros días de nuestra juventud, en aquellos tiempos que en el Liceo de Santiago nos reuníamos para consagrarnos al culto del Arte Aurelio Aguirre, Saturnino Bugallal, que han desaparecido ya de entre los vivos, y Murguía, Juan Manuel Paz, Pondal y tantos otros que, llenos como Rosalía de entusiasmo, tomabamos parte en aquellas veladas musicales y dramáticas, que fueron entonces como la sagrada iniciación de los mas ardientes cultos de nuestra fantasía. Entonces hemos conocido nosotros y muchas veces aplaudido la que mas tarde habia de ponerse á la cabeza de todos como distinguida escritora é inspirada poetisa. Tal vez pudo brotar entonces ese gérmen de amorosa inclinación que á la distinguida hija de una de las nobles é ilustres familias de Galicia, á la virtuosa Rosalía profesó el que mas tarde habia de darle su nombre, uniéndose á ella en Madrid con los insolubles lazos del matrimonio y que enlazó tambien con resplandores de gloria reciproca dos nombres igualmente inolvidables para Galicia, el nombre de Rosalía y el de Murguía (Rodríguez Seoane 1885).

Rosalía desde cedo participa activamente nas actividades do Liceo, nomeadamente nas teatrais^[2], con actuacións documentadas cando menos en 1852 e 1854 (Álvarez Ruiz de Ojeda 2000). A partir, pois, da común implicación liceística, a relación que deberon tecer Pondal e Rosalía debeu ultrapasar o estritamente literario

[2] Probablemente sexa Rodríguez Seoane o primeiro que, á morte de Rosalía, incide nesas actividades dramático-culturais da nosa escritora, que, un día despois, son tamén salientadas nun dos artigos necrolóxicos de *El Ciclón*: “Como muger de inspiración y artista de verdad comenzó a darse a conocer en el antiguo Liceo de aficionados de S. Agustín, donde declamaba comedias con sin igual maestría y recitaba versos de una manera admirable” (Anónimo 1885).

(e ideolóxico) para se converter en persoal, de modo que Rosalía estendería os lazos amicais que tiña con Pondal á súa irmá Eduarda (e talvez tamén con Julia e Eulogia), moi probablemente a partir dalgunha visita da(s) irmá(s) do futuro Bardo a Santiago. Só a existencia dunha profunda amizade entre ela(s) e Rosalía (e entre Rosalía e Pondal) poderá explicar o feito de Rosalía asistir á romaría da Barca en Muxía, con hospedaxe na casa dun tío do poeta e seguramente precedida doutra estadia na propia casa pontecesá da familia Pondal. Máis unha vez é Murguía quen narra, con algunhas imprecisións derivadas da distancia temporal (1853 / 1885), as dramáticas circunstancias da romaría en Muxía polo tifo que Rosalía e Eduarda alí sufreron, con tráxico final pola desgrazada morte da irmá de Pondal:

No he olvidado todavía, que en el pequeño jardín plantado y cuidado por una de las hermanas del poeta, muerta en lo mejor de su edad, hablamos de lo unidas que estaban en lo pasado, nuestras ecsistencias. No bastaba que fuésemos por entero de aquel país, que mi hermano hubiese sido su amigo antes que yo, y que recibieran ambos y en un día, sus grados literarios, era preciso que el recuerdo de aquella hermana tan amada, y que llevaba su mismo nombre, se mezclara también con mis recuerdos.

Era la fiesta de Agosto tan popular en Galicia que apenas hay lugar que no la celebre, y la antigua Mugia, que se entra en el oceano como un pequeño y desolado ismo, brillaba á los rayos de un sol canicular. [...]

La romería de la Barca era aquel año espléndida y concurrida. [...]

Amaneció el otro día, y dos de esas jóvenes, tocadas por la terrible enfermedad, cayeron como heridas por el rayo. Fué un verdadero duelo en aquella villa llena de fiestas. Aun no contaban sus dieciseis años y ya la muerte se sentaba á la cabecera de su lecho; no habian vivido y las cercaban ya las tinieblas eternas. Poco se necesitó para que una de ellas diese su ¡adios! á cuanto amaba. Era la hermana del poeta. La otra..... el cielo la guardaba sin duda para que gustase toda pena, y conociese la desgracia que no tiene fin, por que vive todavía y es autora de unos versos que, como los de Pondal, durarán eternamente en su país, mientras aqui se hable y entienda la lengua de nuestros padres (Murguía 1886: 153-154).

Após a pesquisa de Carballo Calero (1979), sabemos que a romaría da Barca se celebraba o 8 de setembro e que Rosalía naquel momento tiña 16 anos, pois ten de ser no ano 1853, ano en que morreu Eduarda Pondal (24 anos), irmá de Eduardo, conforme consta no rexistro de seu pai. E tal como o profesor ferrolán afirma, non podemos desconsiderar que Rosalía mantivese relación non só con Eduarda mais tamén con Julia (22 anos) e/ou Eulogia (19 anos) no momento en que comparten romaría en Muxía.

Na casa de Leandro Chans Abente, médico de profesión instalado en Muxía, irmán da nai do poeta^[3], pasou Rosalía a súa convalecencia: a vila muxiá ficou gravada na memoria rosaliana, pois reaparece nos escenarios da súa primeira novela (*La hija*

[3] Sobre a figura do médico, a súa familia e a relación cos Pondal, así como sobre a Muxía da época, véxase o documentado contributo de Vilar (s.d.).

del mar, 1859) e tamén no poema «*Nosa Señora da Barca*», dos *Cantares Gallegos* (Castro 1992: 39-48). A transcendencia deste dramático episodio na percepción rosaliana fica aínda máis evidente se consideramos a presenza de Eduarda Pondal no título «*Las literatas. Carta a Eduarda*» (1865), moi probabelmente póstuma homenaxe á irmá do poeta (véxase, por exemplo, García Negro 2006: 95).

O día 2 de marzo de 1856 celebrouse o banquete de Conxo, onde tiveron público protagonismo Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane, encargados de pronunciaren os brindes poéticos no democrático convivio entre estudantes e operarios. Os mesmos que partillaban as salas do Liceo de la Juventud, os que organizaban e participaban nas súas veladas literarias ou teatrais organizaron tal evento:

Ellos organizaron en 1855 [sic] el célebre banquete democrático de Conjo, llevando en pos de sí á las poéticas frondas del antiguo monasterio centenares de hijos del pueblo que los amaban y los hubieran seguido, si necesario fuese, lo mismo que al festin á la batalla.

Aún conservan los troncos de los árboles los símbolos y cifras grabados en aquella tarde; aún se acuerdan los altos y pensativos castaños de los brindis y juramentos.

No todos los que entónces juraron, con la mano puesta sobre la lira, fueron fieles á su promesa, es verdad; pero tantos rodeos y amarguras hay en la vida práctica, agótanse tan pronto las fuentes puras de la juventud, que no se debe zaherir á los que por una ú otra causa claudican, y sólo sí venerar á los que, pese á la vejez –tan prematura y cruel en los tiempos actuales,– por encima de las tentaciones y permaneciendo invulnerables de corazón y de espíritu, sobrenadan y perseveran (Vicenti 1979: 323).

Aí estaba Pondal, mais tamén Rosalía. Perante o proceso e as eventualmente graves consecuencias pola súa participación no Banquete e polo contido do Brinde, Pondal vese obrigado a abxurar das súas crenzas e afirmacións, tal como consta na documentación resgatada hai pouco (Neira Pérez 2010: 368-370). E xustamente nesas datas posteriores ao banquete de Conxo, nos primeiros días de abril, marcha Rosalía para Madrid sen razóns claras para tal aventura, mais talvez empuxada pola conveniencia de evitar eventuais represalias. É difícil, pois, non relacionar ambos feitos, por moito que aínda non teña aparecido documentación explícita da súa implicación no banquete (Rodríguez 2011: 66).

Nesta altura, pois, a relación amical e a fraternidade ideolóxica entre Eduardo Pondal e Rosalía de Castro estaría xa selada, e aínda se incrementaría tras o matrimonio da escritora con Murguía, tamén amigo íntimo do poeta.

II. Entre a relación epistolar e a convivencia balnear

A correspondencia conservada entre Rosalía e Pondal é certamente escasa; porén, o ton das cartas denota unha familiaridade grande, unha amizade profunda e un alto respecto intelectual entre os dous escritores. En todas elas, ademais, está presente Murguía (con frecuencia ausente en traballos diversos e cidades afastadas), para quen Pondal recompila datos históricos e troca información ou documentos (véxase Carta 1)^[4]. Neste sentido, nas cartas (así como na correspondencia directa entre Murguía e Pondal) hai constantes convites a convivios e visitas: “Mucho deseo ver a Murguía, y mi deseo sería que viniese a hacerme compañía parte de este verano; y pasearíamos por estas playas del mar que convidan a la tranquilidad y a la salud” (Carta 1). Rosalía non obstaculiza esa convivencia, que se repite nas cartas dun e doutro^[5]:

[...] y yo estaría muy lejos de oponerme a una cosa que así le complace a él como a un amigo como V. Quede pues sentado que por mi parte no abrá el menor inconveniente en que VV. pasen juntos parte del verano, siendo por el contrario una gran satisfacción para mí el que V. le honre de tal modo con su aprecio.

Por outra parte, as cuestións literarias non podían estar ausentes no intercambio epistolar entre dous vultos da literatura: Pondal anima a Rosalía para escribir e publicar: “Si está pues buena, y no le hace daño, trabaje, y dénos a leer buenas cosas” (Carta 1). A longa resposta rosaliana mostra unha esforzada posición de modestia e autoesixencia:

Respecto a trabajar, absolutamente nada. Y aún cuando V. se digna hacerme algunos elogios, que estoy muy lejos de merecer y que solo puedo dever a su buena amistad, le aseguro que se pierde muy poco con que yo no escriba. Francamente, no tengo ninguna fe en la gloria y, por otra parte, conozco demasiado mis pequeñas fuerzas. Acaso consistirá en que soy muy ambiciosa, pero es lo cierto que nada de cuanto hice me satisface en lo más mínimo y, por eso, después de haber ensayado algunos nuevos trabajos de los cuales quedé muy descontenta, he

[4] Da mesma maneira que Rosalía está presente na abondosa correspondencia Pondal / Murguía (véxase nota 6).

[5] Arredor destas mesmas datas, véxanse outras dúas mostras. Así, Pondal a Murguía en 26-8-1865: “Llegó el momento en que V. debe cumplir la promesa que me ha hecho de venir a pasar una temporada conmigo en este país; y de paso podrá V. estudiarlo bajo el punto de vista histórico, y descansar al mismo tiempo un poco de sus fatigas literarias. Y no sea el diablo que me venga V. ahora por segunda vez con disculpas y evasivas, porque desde luego me incomodo, y no las admito.

En vista de esto, y contando ya con que V. venga, voy a marcarle a V. el itinerario, porque como no hay carretera ni carruaje, tendrá V. que venir a caballo. [...]” (Ferreiro 2017: 162).

E nótese tamén o convite de Murguía a Pondal, no verán de 1869: “Rosalía y demás familia irá para últimos de Setiembre y si V. fuera hombre para ir a hacernos una visita por Nochebuena o otra ocasión que le pareciera oportuna, lo celebraría mucho” (Ferreiro 2017: 172).

roto cuanto hice y no volví a cojer la pluma. Manolo me riñe algunas veces, pero nada mejor que uno conoce hasta donde puede alcanzar, y como no tengo demasiada paciencia para luchar, me abandono, combencida de que poco se pierde (Carta 2).

Pola súa parte, Pondal informa: “Estoy haciendo una traducción del poeta italiano Castti” (Carta 1). Na altura, o futuro Bardo só publicara en galego trece oitavas d’Os Eoas (1857), o poema «*A campana d’Anllóns*» (1858) e, neste mesmo ano de 1864, o opúsculo *A América descuberta. Canto V. Fragmento*. Rosalía valora criticamente a produción pondaliana e incide na necesidade de escrita orixinal, face á tradución de obras alleas:

V. sí que debía dedicarse formalmente a hacer algo original, pues aunque mi pobre juicio de nada vale, sin que pretenda devolverle a V. una galantería le diré, como lo he dicho siempre, que sus versos son los que me hacen sentir más de cuantos en Galicia se escriben. Aún cuando por mero descuido sea V. algunas veces desaliñado, sus versos siempre son versos, y versos de ese género que no puede menos de impresionar, porque encierran ese sentimiento escogido que vibra en el corazón y que solo se encuentra en el que ha nacido verdaderamente poeta. Por esto, me atrevería a aconsejarle que, permitiéndoselo su salud, mejor que traducir, hiciese cosas originales. En mi opinión, el traducir en versos es un trabajo demasiado penoso y demasiado ingrato: todos por lo general se admiran del genio del auctor y jamás del traductor; es, en fin, un trabajo de abnegación y, cuando se tiene genio, pienso que no se debe desperdiciar el bigor de su inteligencia en un trabajo ajeno.

Cuando sea V. viejo ya es otra cosa, pero en tanto tenga V. fuego en el corazón trabaje V. para alcanzar gloria y demostrar a las gentes que esta pobre tierra que se llama Galicia también tiene poetas, pues por lo de ahora debemos confesar que respecto a ese punto nos encontramos flojos (Carta 2).

E tampouco poden faltar as alusións á saúde, por obvias razóns obxectivas, cales os problemas físicos de Rosalía e a hipocondría obsesiva de Pondal. Así se manifesta con clareza na primeira carta conservada do poeta da Ponteceso: “Yo sigo mejor. Los aires del país me han robustecido algo más; y ya no tengo tanta aprensión. Como bien, cazo mucho, y duermo mejor; y quiera Dios conservarme siquiera así”. A estas palabras pondalianas, responde asisadamente Rosalía:

[...] sigue V. tan mejorado. En verdad, no podía menos de ser así, pues según todas las apariencias, aún cuando se hallase V. un poco delicado, no presentaba ninguno de esos síntomas fatales que el menos entendedor es capaz de conocer. Le diré, pues, hante todo, que prosiga cazando y comiendo bien sobre todo, que es lo esencial, y al cabo de algún tiempo espero que llegaremos a verle tan bueno como es de desear (Carta 2).

A saúde de Rosalía é sempre motivo de preocupación para Pondal: “Si está pues buena, y no le hace daño, trabaje, y dénos a leer buenas cosas” (Carta 1). Responde cumpridamente Rosalía (Carta 2):

Por mi parte, le puedo asegurar que las aguas de Caldas obraron en mí un verdadero milagro. Pasé todo este invierno (que ha sido crudo), sin un constipado, cosa que en mí casi parece imposible, y si no estoy robusta, que fuera mucho decir, ya no tengo por lo menos aquel semblante demacrado y aquellas mejillas enjutas que me hacían parecer diez años más vieja, ni aquella postración general que me hacía semejante a un mueble inútil. Ahora suvo y bajo, corro y paseo sin grande agitación; en resumen, paso tan bien la vida como nunca me atrevería a esperar. Con esto debe V. cobrar inmensas esperanzas, pues no puedo suponer se juzgue V. más enfermo que la estaba yo, a quien Varela juzgaba muger muerta. Yo misma, a quien todos suponían llena de aprensión, me sentía morir realmente y a pasos agigantados, siendo solo mi gran fuerza de espíritu lo que me hacía sostenerme en pie. Verdaderamente estaba mortal, todo lo tenía contra mí, sin ninguna probabilidad favorable y, sin embargo, aquí me tiene V. resucitada, ¡a Dios gracias!

Nestas cartas de 1864 xa aparece, pois, unha alusión ás augas de Caldas, lugar que Rosalía debía frecuentar na procura dunha mellora para os seus males, do mesmo modo que Murguía, cando traballaba en Madrid, viña nos veráns, e tomaba tamén as augas en Caldas ou en Cuntis (Barreiro Fernández 2012: 416). Con efecto, Rosalía frecuentaba o balneario de Caldas, a onde ía tamén Pondal e onde se daban circunstancias favorábeis para unha convivencia directa entre escritores que a vida cotiá non lles permitía (Pondal na Ponteceso ou lugares próximos; Rosalía en Santiago ou onde a vida a levaba). Unha carta de 27-2-1867 dirixida por Pondal a Murguía confirma eses encontros balneares^[6]:

¿Y Rosalía cómo sigue? Supongo que le habrán aprovechado bien las aguas de Caldas, en cuyo punto pienso verla tal vez el verano entrante.

Déle U. mis más afectuosos recuerdos; y dígale que me acuerdo mucho de nuestros paseos por la carretera de Cuntis, y de nuestras crítico-conversaciones acerca de los bañistas; y que no sé a quien recuerdo más, si a Joaquina Gimeno, a Victorina o a la de Pérez de esa. Todas, como otras tantas amazonas se disputan con ardor mi corazón.

Confirmada a relación directa entre Pondal e Rosalía alén do período com-postelán, a narración epistolar parece mostrar un comportamento libre, fóra do convencionalismo social (unha muller casada, un home solteiro), tal como foi xa comentado (Rodríguez 2012), aínda que tamén é certo que a época impuña como hábito social de cortés comportamento que un ‘cabaleiro’ acompañase unha dama. En calquera dos casos, fica confirmada a prolongada relación amical e fraternal entre Rosalía e Pondal, que sobrevivía ás ausencias de Murguía e ás difíciles condicións vitais da escritora.

[6] Véxase a carta completa en Axeitos & Barreiro Fernández (2003: 488-489); tamén en Ferreiro (2017: 164-165).

III. A amizade entre Pondal e Murguía elevada a documento(s) público(s)

Para alén da antecitada ‘presenza’ murguiana en todas as cartas cruzadas entre os dous poetas, a intensa correspondencia que hoxe conservamos entre Pondal e Murguía^[7] revela unha intensa amizade, unha intimidade permanente, unha colaboración cultural e unha afinidade de pensamento que foi recoñecida publicamente polo patriarca do Rexurdimento na hora da morte do Bardo:

Llegó un momento en que juntos recorrimos los solitarios, los agrestes caminos que surcan la dura comarca, y pues servíamos los mismos altares, un mismo amor nos unió a ellos. La poesía, la tradición, su hermana menor, eran para nosotros verdaderas diosas. Galicia y sus triunfos, la dama de nuestros pensamientos. Los horizontes que nos cercaban, como fieles amigos, limitando los campos del inspirado, le llevaban a confesar que el destino nos había unido para realizar la regeneración del país que decíamos esclavo. Nuestra tierra nos parecía, por su hermosura y por su fertilidad, la tierra de promisión; el que la trabajaba un ser que debía libertarse, pues agonizaba bajo el yugo (Murguía 1917: 200).

Certamente, a relación de Pondal e Murguía comezara xa en Santiago, no seo do Liceo de la Juventud, como en 1885 salientou Rodríguez Seoane (véxase *supra*), membro do Liceo e amigo común. Porén, existían outros factores biográficos que contribuíron a asentar a amizade entre os dous persoeiros, cales a relación amical que Pondal tiña tamén con Nicolás Murguía, contemporáneo do poeta e compañeiro de estudos de Medicina, e, outrosí, unha coincidencia biográfica bergantiñá: a ascendencia paterna de Murguía procedía de Laxe e, sobre todo, de S. Vicenzo da Graña, a carón da Ponteceso (Barreiro Fernández 2012: 50-56). O propio Murguía subliña a conexión ‘telúrica’ entre eles, porque pertence “por la raza y el nacimiento y el amor, al noble país brigantino, á la tribu céltica por excelencia”:

Hay entre algunos hombres destinos bien singulares, y extrañas coincidencias entre ciertas vidas. En la vieja iglesia de Almerozo, bajo cuyas bóvedas penetré por primera vez al lado de mi amigo y en la misma pila bautismal sobre la cual se inclinaron tantos pobres hijos del trabajo, recibió Pondal el agua de salud, sesenta años después que mi abuelo, uno de los hombres de más claro entendimiento y mejor sentido que han cruzado por este mundo. Todo cuanto era querido para el poeta y estaba ligado á sus recuerdos y al de las gentes de quienes venía, lo estaba asimismo para mí y para los míos. A su lado recorrí por primera vez los lugares que me eran sagrados, sentéme orillas del río, cuyas aguas mojaron los campos paternos, y con él visité Laje y sus arenales, que habían visto nacer aquella santa y hermosa criatura que fué mi abuela, de eterna memoria para mí (Murguía 1886: 128-129).

[7] Á espera do terceiro volume da correspondencia de Manuel Murguía, as cartas cruzadas entre o Patriarca e o Bardo poden verse en Ferreiro (1991) e Barreiro Fernández & Axeitos (2003 e 2005).

Nesta mesma obra, Murguía declárase confidente do poeta:

Además, ¿quién conocía como yo el pensamiento que preside su obra poética? ¿quién que, no fuese dueño de su secreto, podría en todo caso, cuidar que las diversas composiciones tuviesen en su libro el natural enlace, y que las aladas hijas del poeta siguiesen el camino que él les había trazado? Nadie en verdad, porque nuestro amigo, que tiene como pocas almas la pureza virginal de sus emociones, no había hecho más que á uno la confianza de algunos de los sentimientos que llenaron su vida. Cubiertos enteramente por el velo con que los oculta, apenas si en sus versos se delatan (Murguía 1886: 127-128).

Manuel Murguía dedícalle un afectivo “pensamento” xa en 1870, nunha colaboración que publica en *La Ilustración de Madrid* co título «Pensamientos», dos cales o XV (dun total de XVIII) está dedicado “A E. P”, sen dúbida Eduardo Pondal^[8]:

He dormido bajo tu techo, mi buen poeta, y oído allí tus canciones armoniosas. Vagando por los poéticos y solitarios lugares en que pasaste tu niñez, comprendí lo agreste y salvaje, pero también lo grandioso de tus conceptos. Yo no sé cómo somos, mi dulce amigo, pues nacidos ambos en aquella comarca en que el artabro valeroso levanta su tienda solitaria, somos ¡ay! bien diversos. Cúpote en suerte la trompa épica, los versos sonoros, algo de lo agreste del Gonton y de lo aspérrimo de los arenales de Traba. A mí, lo dulce, lo suave, lo vago, todo lo que gime, todo lo que vive de la triste esperanza. ¿Cómo es que oímos ambos el rumor del mismo mar, vimos unas mismas auroras, y sin embargo, somos tan distintos? Pero, no; tenemos un mismo amor, la patria y la dulce poesía, y unidos por el invisible lazo de la raza y de la region á que pertenecemos, somos como dos hermanos que se han repartido gustosos su tarea; tú á cantar en versos inmortales las gentes y los lugares que amamos, yo á recitar con sencillez y ¡á qué negarlo? con aquel entusiasmo que aviva todo relato, las olvidadas hazañas de nuestros mayores. ¿No es verdad que deben envidiarnos los que no alcanzan á tanto? (Murguía 1870: 9-10).

[8] O *pensamiento* IV está dedicado “A R. C.”: “Como el rumor del viento sobre las olas invitadas, como el soplo del céfiro entre los rosales, así tu voz dulce y cadenciosa á veces, terrible y amenazadora otras. Aguila y paloma, leon y cordero, eso eres á un tiempo. Es imposible oírte sin que nuestra alma se conmueva y sin que las carnes se estremezcan, como si las traspasasen invisibles agujas. Yo no sé qué tiene tu palabra que me parece oír un griego bajo los pórticos, en una mañana encendida con el rayo del sol del Atica y al soplo de las brisas del Archipiélago. Deja, ¡oh, grande hombre! que la envidia murmure, que la mediocridad no te comprenda y que ciertas gentes exclamen al oírte: —«Hé ahí un vano ruido;» la memoria de ellos pasará como ellos mismos, y en tanto dure la lengua castellana, durará el recuerdo de tu voz armoniosa y de tu arrebatada elocuencia” (Murguía 1870: 8).

E o *pensamiento* VIII ten como destinataria a súa filla Alejandra (“A A.”): “¡Hija mia! ¡Mi esperanza! ¿Será verdad que el cielo te ha dotado con todos aquellos bienes que mis ojos inquietos adivinan en los tuyos? Será verdad que el alma de tu madre se reprodujo en ti? Me atormentan tanto estos pensamientos, que yo no sé que decirte. Mas si es verdad que los elegidos han de apurar el cáliz de amargura, baste, hija mia, baste el que tus padres han bebido por tí. ¡Que nunca conozcas el doloroso placer de la inspiración si has de llorar tanto; que tu vida pase tranquila aunque pase ignorada; sé feliz y sé para siempre desconocida!” (Murguía 1870: 8).

Uns meses antes, no primeiro testamento coñecido do bardo bergantiñán, con data de 24-3-1870, aos 35 anos de idade, Pondal inclúe Murguía entre os seus herdeiros, dedicándolle sentidas palabras de amizade:

Declara: que no tiene herederos forzosos ascendientes ni descendientes, y por lo tanto, está en el caso de poder disponer de sus bienes como le acomode; y habida consideracion al afecto que profesa a su amigo Don Manuel Martinez Murguía de la Ciudad de Santiago, le legara todos los libros, y escritos literarios que pertenecientes al Don Eduardo Pondal resulten ec-sistentes a su fallecimiento, con el anillo de oro que lleba puesto y usa el testador para que desde que este falezca, le sea todo entregado al Don Manuel Martinez que lo conserbará como recuerdo y simbolo del aprecio e íntima amistad que le profesa (Ferreiro 1991: 31-32; 2017: 33-34).

É precisamente este testamento o que Murguía lembra quince anos despois en *Los Precursores*, nun canto á amizade que o unía ao poeta, con quen “de antiguo le ligaban especiales, pero no por eso ménos estrechos lazos”:

Creyendo que era llegada su última hora, el hijo del Anllons hizo testamento, y en él nada de cuanto amaba quedó olvidado. En sus cláusulas, según supe después –porque tan noble corazón lo ha callado siempre– se leía mi nombre y consagraba un cariñoso recuerdo. Mi pobre amigo, que había leído en mi alma con la rectitud de la suya, me hacía en aquel momento supremo la más grande, la más santa, –y séame permitido el dulce orgullo de añadir– la más merecida de las confianzas. Me dejaba sus versos y el cuidado de su publicación. Ah! bien sabía que los dejaba á la lealtad misma! (Murguía 1886: 127).

E na hora da morte do Bardo, Murguía volve lembrar esa especial relación que se mantivo durante a vida do poeta, alimentada pola común militancia nacionalista e a pública exhibición da súa amizade:

Cinquenta años de una amistad sin mancha, obligan al que queda a decir del que marchó primero: –Quedo para repetir lo que en otros lugares y días bonancibles tengo dicho, y es, que cuanto fué querido al bardo del Anllons, y está tan ligado a los afectos que en su corazón habían arraigado en la tierra en que naciera, lo estaban también para mí y para aquellos de quienes vengo (Murguía 1917: 200).

IV. Diálogo epistolar arredor da produción literaria (*Follas Novas, Os Eoas, En las orillas del Sar*)

Con certeza, a correspondencia Rosalía / Pondal conservada (con dous núcleos cronolóxicos por volta de 1864, xa comentado, e 1881-84) constitúe só unha mostra dun diuturno intercambio epistolar de que só fican o inicio e o final.

As últimas cartas cruzadas entre Rosalía e Pondal inciden nas cuestións máis estritamente literarias, após unha vida dedicada á literatura (Rosalía, verso e prosa) e á poesía (Pondal, que aínda tardaría en publicar a súa obra-mestra, 1886). Neste sen-

tido, *Follas Novas* debeu merecer os mellores comentarios pondalianos, pois Rosalía responde negando unha inmortalidade con seguranza invocada por Pondal:

Mucho le agradezco asimismo las venévolas frases con que procura halentarme, pero creyéndolas inspiradas por su generosidad y la buena amistad que nos profesa, no pueden hacerme esperar en la inmortalidad que nunca le estuvo reservada a las medianías, en cuyo número me cuento. Trabajo, pues, amigo Pondal, por que las circunstancias me obligan a ello y al trabajar, lo hago como puedo y sé, en aquello que siento y es más grato a mi corazón: el enaltecimiento de nuestra amada Galicia (Carta 4).

A propia Rosalía aproveita a mesma carta para, máis unha vez, interrogar Pondal sobre a publicación d’*Os Eoas*, poema épico que, na altura, era vivido como a xestación da grande epopea, a pedra angular da literatura galega en proceso de renacemento:

Y a propósito de esto, ¿cuándo saldrá a luz el poema que tiene V. anunciado? Yo lo espero con ansia hace tiempo, y lo mismo les pasa a todos los amantes de la verdadera poesía y que desean refrescar el entendimiento con algo selecto y delicado. V., que es de los verdaderos elegidos, es el que no debe dormirse ni un día; no nos haga, pues, esperar mucho la publicación de su obra que supongo, a juzgar por su índole y el amor con que V. parece tratarla, ha de superar todavía en mérito a las que todos conocemos (Carta 4).

De calquera xeito, Pondal mostra un escepticismo relativo á produción literaria que a súa propia vida desmente, consagrado como estaba á creación dunha obra posta ao servizo da redención da Patria, con exclusión de calquera outra actividade vital que limitase ou impedise a realización de tal obra:

Yo hace cosa de un año que vegeto por este país, ocupándome más en el propio esparcimiento que en trabajos literarios, los cuales, como U. sabe, son valores que no se cotizan en nuestro mercado y entre nuestros galleguistas que tanto odian y desdeñan a los que, como ellos dicen, nos ocupamos en perder el tiempo (Carta 5).

Atento, como sempre, á súa proxección como escritor e como membro do parnaso galaico, en 1883 Pondal interésase polos artigos que Murguía adiantaba sobre os “precursores”, implicado como estaba por el mesmo ser obxecto da pluma murguiana^[9], tal como finalmente, en 1886, se reflectiu nun capítulo de *Los Precursores*:

[9] Murguía fala con Pondal dos “precursores” en diversas ocasións. En 5-10-1882, dille: “Entre los Precursores escusado será decir a mi bueno y leal amigo que él forma entre los primeros. He de escribir a V. sobre esto, pero le adelanto que el libro en cuestión lo compondrá una serie de biografías, hechas de cierta manera, (no muchas), para que al menos vean que los viejos nos defendemos y... que todavía valemos alguna cosa” (Ferreiro 1991: 105; 2017: 176). E un ano despois (16-12-1883): “Decíale entonces que había remitido a Buenos Aires la biografía que había escrito, comparándome de una persona para mí tan querida y para el país tan merecedora de recuerdo. Yo no sé si la recibirían y, en caso afirmativo, si la publicaron. Sé, sí, que la de Aguirre que siguió a la suya vio la luz en aquel periódico, pero ni la biografía de V.

[...] en el caso de que Murguía, al cual supongo en Madrid, no esté por ahí espero me haga el obsequio de remitirme los artículos críticos que sobre los poetas gallegos publicó en un periódico de Buenos Ayres, bajo el título de los “Precursores” (Carta 5).

Na última carta conservada, Pondal parabeniza Rosalía pola publicación de *En las orillas del Sar*, que leu “[á]vidamente y con un placer indecible”:

Escuso decir a V. que todas, todas, me parecieron muy bellas; y aún cuando sus brillantes trabajos anteriores no vinieran en su abono, el que ahora nos presenta bastaría por si solo a manifestarla no como po[e]tisa sino como poeta insigne.

Da a V., pues, su más cumplida enhorabuena y las más expresivas gracias por su fina atención este su sincero amigo, Eduardo Pondal (Carta 6).

Faltaba exactamente un ano para que Rosalía finase, a súa saúde abalaba e Pondal expresa na *post data* palabras de ánimo e consellos de amigo máis que de médico: “Tengo confianza en que su salud mejorará; buena higiene, ejercicio moderado, buen ánimo, y no tener aprensión”.

V. Dúas homenaxes pondalianas a Rosalía: da morte (1885) á translación dos seus restos (1891)

A intensa relación entre os dous poetas, desde os tempos xuvenís en Compostela até a morte de Rosalía na casa da Matanza, en Padrón (1885), vaise manifestar na produción pondaliana a través de dous textos que Eduardo Pondal dedica á escritora.

O día 15 de xullo de 1885 morre Rosalía. E con data de 18 de xullo, tres días despois, sae ás rúas compostelás o periódico satírico *El Ciclón* (subtitulado “Periódico humorístico. Sopla todos los sábados”), cun número integramente dedicado á desaparición da nosa escritora.

Tras un artigo necrolóxico, anónimo, sobre Rosalía («Rosalía Castro») e outro laudatorio de Jesús Barreiro Costoya (tamén titulado «Rosalía Castro»), son presentados textos poéticos en louvor da falecida, tanto en galego como en castelán^[10]. Entre eles, aparece un texto asinado por Eduardo Pondal dedicado á amiga desaparecida:

ni de Rosalía, ni la de Vicetto, ni la de Faraldo llegaron a mis manos. ¿Se perdieron? No lo sé ¿Se publicaron? No lo puedo decir; solo sí que, aunque incompletas, tengo copia de la mayor parte de ellas, y el día menos pensado saldrá a la luz pública *Los Precursores* (Ferreiro 1991: 111; 2017: 179).

[10] Véxase unha relación dos poetas colaboradores, así como os seus textos, en García Vega (2010: 85-86).

Pobre hoja del seco estío ardida,
 deja que te arrebate el huracán...
 Nuevas playas tal vez y nueva vida
 en otros nuevos mundos hallarás.

Cuando la voz gigante diga: ¡marcha!, 5
 emprende resignada el vuelo audaz.
 Algún destino cumples en el vértigo...
 Marcha sin murmurar.

O poema foi dado a coñecer por Fermín Bouza Brey (1950), que declara telo conseguido a través de Francisco Portela Pérez, que, por súa vez, o tirou, conforme a información que nos subministra o erudito ponteareano, do nº 34 d'El Ciclón (10-5-1884). Efectivamente, nesas datas Rosalía xa estaba doente, mais resulta sorprendente, case imposible, que Pondal publicase tal texto dirixido á escritora: lémbrese que unha semana despois (18-5-1884) enviaría unha carta de parabéns a Rosalía pola publicación da súa derradeira obra, *En las orillas del Sar* (véxase Carta 6).

Talvez acontece que o texto pondaliano saíse publicado, efectivamente, nese número d'El Ciclón (que non puidemos localizar polo carácter fragmentario desta publicación nas hemerotecas galegas), mais que non fose en principio dirixido á escritora, pois non deixa de ser representativo dunha liña poética pondaliana presente na súa produción pre-*Queixumes*. Se así for, o texto sería *reaproveitado* como homenaxe a Rosalía no momento da súa morte como ofrenda á amiga e compañeira.

A segunda, e derradeira, homenaxe a Rosalía por parte de Eduardo Pondal prodúcese seis anos máis tarde, con ocasión da translación dos restos rosalianos ao Panteón de San Domingos de Bonaval (25-5-1891). O boletín-revista *La Patria Gallega*, órgano oficial da "Asociación Regionalista" que se publicaba en Santiago, dedicou tres números sucesivos consecutivos á translación de Rosalía, consagrados case integramente á memoria da escritora. Ademais de Eduardo Pondal, na revista santiaguesa aparecen evocacións e poemas dun grande número de escritores e intelectuais galegos da época, entre os que destacan José R. Carracido, S. Cabeza de León, Juan M. Nóvoa, Juan Barcia Caballero, A. García Ferreiro, M. Curros Enríquez, Alfredo Brañas, Galo Salinas, M. Núñez González, M. Riguera Montero, M. Martínez González, F. Dato Muruais ou Salvador Golpe^[11].

O segundo número dos tres dedicados a este acontecemento (nº 6, 15-6-1891, p. 7) inclúe un novo poema pondaliano, que presenta a figura de Safo como trasunto de Rosalía (véxase Ferreiro 2001: 24-25, 175-178):

[11] Inclusive se publica un poema de Teodoro Cuesta en bable e dous en catalán de Teodor Llorente e Joaquín Rubió y Ors (traducido este ao galego por Cabeza de León).

- “Necias fillas da Grecia,
 tan samente fiadas
 na corpórea beleza
 e nas caducas gracias,
 nos brazaletes d’ouro 5
 e nas ricas sandalias,
 e nas vistosas clámides,
 do Ilisos polas brisas axitadas!”
- Dixo a doncellalésbica,
 da musa arrebatada, 10
 tendo na man tremante
 a lira bellamente recurvada,
 das cordas ben tendidas
 e ben apareadas,
 ond’as ardentes notas 15
 da rapsodia magnífica espiraban.
- “Certamente vos xuro
 que tan escura infamia
 con un duro suplicio pagaredes,
 que Temis vos prepara. 20
 Cando dés o tributo inevitabre
 á terra do meonio celebrada,
 caerés nun eterno esquecemento,
 sin honor e sin fama.
- Mais aquela que en vida despreciastes, 25
 cal de mérito falta,
 porque do sol da Hélade
 nacera levemente requeimada,
 vivirá celebrada eternamente
 en mil diversas falas. 30
- Despois qu’a bella luz abandonedes
 e fores sepultadas,
 non quedará da vosa rica pompa
 a máis escura e leve memoranza!”

Nesta composición, inspirada en textos sáficos, Pondal establece un sutil paralelismo entre a escritora grega e Rosalía (vv. 25-30), ambas morenas, ambas escritoras, de modo que Rosalía, tras ser desprezada, “vivirá celebrada eternamente en mil diversas falas”.

VI. A *auctoritas* rosaliana en Eduardo Pondal

É certo que a obra (a poesía) pondaliana é complexa, contraditoria e, mesmo, controvertida, especialmente pola existencia dunha decena de poemas que mostran unha misoxinia agresiva, inscrita nunha visión patriarcal tan afastada e allea a Rosalía, amiga, compañeira e copartícipe con Pondal da loita común na Galiza renacente. Porén, tamén é certo que sen Rosalía moi probabelmente Pondal tería sido outro, cando menos no que di respecto á utilización da lingua galega na produción literaria e na súa conversión en poeta monolingüe en galego.

Sendo indubitábel o carácter temperán da produción galega de Pondal (un primeiro fragmento d’*Os Eoas* en 1857, e o poema «*A campana d’Anllóns*» publicado por vez primeira no xornal pontevedrés *El País*, 14-2-1854), tamén é verdade que antes de 1863 as restantes publicacións pondalianas se produciron en castelán. É así que a influencia rosaliana debeu ser decisiva para a reconversión lingüística de Pondal, coa convivencia galego-castelán nunha primeira etapa (a partir de 1863, data de *Cantares Gallegos*), e como poeta monolingüe en galego (tras a publicación do derradeiro poema pondaliano en castelán en *El Ciclón*, tres días após a morte de Rosalía):

As datas de publicación dos textos pondalianos mostran como é en 1863, ano da edición primeira de *Cantares Gallegos*, cando o futuro Bardo reorienta lingüísticamente a súa produción literaria para o galego: entre 1857 e 1863 publica un total de vinte e cinco textos, dos cales só dous foron escritos e editados en galego; entre 1864 e 1885, dun total de trinta e sete publicacións, só catorce delas foron escritas en castelán, e aínda catro destas foron reaproveitadas para *Queixumes* por medio da autotradución para galego (Ferreiro 2017: 137).

Para alén desta fundamental influencia rosaliana que provocou un cambio de rumbo transcendental na obra do Bardo e, se cadra, no propio Rexurdimento, na poesía do bergantiñán aínda se pode percibir unha outra ‘presenza’ rosaliana que liga os *Queixumes dos Pinos* (1886) cos *Cantares Gallegos* (1863).

Como é sabido, nos *Queixumes* Eduardo Pondal reúne toda a súa produción galega dispersa en publicacións periódicas e opúsculos, ao tempo que acrecenta moitos outros poemas inéditos na altura de composición da súa obra-mestra (1886). Pois ben, para estruturar formalmente a obra Pondal recorreu, sen dúbida, á meniña gaiteira rosaliana que abre o libro dos *Cantares* con «Has de cantar» e o cerra con «Cantar, cantar, cantei» como poema derradeiro. No caso da obra lírica do poeta

da Ponteceso, a meniña gaiteira é substituída por unha figura masculina (Carballo Calero 1984: 43-44): o *bo bergantiñán* inicia *Queixumes dos pinos* con «Polo baixo cantando» (poema 1) e o –finalmente– sonoro cerra o círculo con «Polo alto cantando» (poema 90), ficando a derradeira composición («Da ruda pendente») como epílogo dunha obra estruturada por medio do artificio rosaliano, que aínda é reforzado e intensificado coa presenza do poema «Boandanza, saúde», en que Pondal explicita poeticamente a súa ideoloxía poético-política nunha posición axial (nº 45) en *Queixumes*.

VII. Ramo

Folclore, música, literatura, historia, gramática, lexicografía..., ámbitos todos, entre outros, en que unha lexión de homes e mulleres traballaron e se implicaron desde os inicios do século XIX para traballosamente ir (re)construíndo a nación asoballada. Con retrocesos e avances, con derrotas e triunfos, todos e cada un dos nosos devanceiros compartían a vontade de liberar o país dunha punxente e secular servidume.

O Rexurdimento galego só pode entenderse –e explicarse– como resultado dunha rede comunada de esforzos orientados á recuperación da Patria. Nesa conexión colectiva debemos inscribir a amizade, camaradaxe, respecto intelectual, comunión de ideais... entre Rosalía, Pondal e Murguía, fundamentais figuras da renacemento, cada un deles cunha voz propia e persoal, cunha tarefa singular no movemento de redención da Galiza.

Apéndice. Correspondencia entre Eduardo Pondal e Rosalía de Castro^[12]

1. De Eduardo Pondal a Rosalía de Castro (Ponteceso, 31-3-1864)^[13]

Mi simpática e inolvidable amiga: Por un propio remití a U. bajo un sobre unos apuntes biográficos sobre el brigadier, general de Escuadra Dn. Francisco Mourelle, los cuales he prometido enviar a Murguía, al separarnos en la Coruña, a principios de octubre^[14]. Espero que U. me haga el obsequio de avisarme si los ha recibido, pues sentiría que se perdiesen; y sobre todo porque Murguía no creyera que me olvidé de las cosas y que no cumplo mi palabra.

A propósito de Murguía, espero que U. se sirva decirme donde está, pues como quisiera escribirle, no sé a dónde he de dar dirección a mis cartas. Aunque le supongo en Madrid, pues cuando por Carnavales estuve en la Coruña, me dijeron que había pasado a aquella corte. De todos modos deseo que U. se digne darme todas las señas de su paradero. Y si le escribe pronto dígame que le envíe esos apuntes, y que luego le enviaré el diseño del puente Cesó y del monumento céltico.

Por lo demás, mucho deseo que U. siga buena, curada completamente de sus antiguos males, para que U. pueda ser feliz y dedicarse a trabajar en nuevas producciones, pues por lo que a mí toca (y mi juicio valdrá poco), doy a U. el primer lugar entre los jóvenes gallegos que se dedican a la literatura y también entre la mayor parte de los hombres que en nuestro país se dedican a ella. Si está pues buena, y no le hace daño, trabaje, y dénos a leer buenas cosas.

Mucho deseo ver a Murguía, y mi deseo sería que viniese a hacerme compañía parte de este verano; y pasearíamos por estas playas del mar que convidan a la tranquilidad y a la salud. Si Dios quiere, espero que venga, y que U. no se lo privará. Es el ofrecimiento puro de un alma como la mía que no se complace en meros cumplimientos; y U. que me conoce y él también espero que me darán ese gusto.

[12] Todas as cartas recollidas no Apéndice están na Real Academia Galega.

[13] Publicada en Barreiro Fernández & Axeitos (2003: 231-332) e Ferreiro (2017: 158-159).

[14] Francisco Antonio Mourelle de la Rúa, de Corme (1757-1820), irmán dunha bisavoja materna de Eduardo Pondal, foi mariño de guerra e descubridor de varias illas de Oceanía.

Na RAG consérvase a carta (Algeciras, 28-2-1864) que José María Mourelle, neto do militar, dirixe a Pondal por mor do envío dos datos solicitados por Murguía:

Muy Sr. mío: consecuente á lo q.^e dije á V. en mi ultima, es adjunta la copia de la biografía de mi difunto padre q.^e separadam.^{te} fué publicada p.^r la Cronica navál; al copiarla le he enmendado algunos yerros de imprenta, y le he añadido la R.^l orden q.^e despues de citada no pusieron al final. Tambien le incluyo dos ejemplares de los meritos y servicios hta Junio de 1814 p.^r ellos verá V. el interés q.^e tuvo el gobierno en ocultar estos descubrim.^{tos} q.^e aunque han sido publicados en el extranjero, lo han sido p.^r manos estrañas, pues no ha habido un español q.^e posteriorm.^{te} los haya buuelto á nombrar hta q.^e en el Viage Pintoresco de Mr. D. Urville se ha buuelto á nombrarlos si bien con ~~en~~ el encono de un extranjero pues no tienen presente el modo con q.^e los practicó bien diferente p.^r cierto al q.^e usaron Cook La-Perouse y todos los demas viajeros.

Deseo se conserve V bueno quedando suyo afmo y seg.^o serv.^r Q. S. M. B., José M.^a. Mourelle.

Yo sigo mejor. Los aires del país me han robustecido algo más; y ya no tengo tanta aprensión. Como bien, cazo mucho, y duermo mejor; y quiera Dios conservarme siquiera así. Estoy haciendo una traducción del poeta italiano Castti [sic]^[15].

Sin más por ahora. Sírvase U. dar en mi nombre un beso a Alejandrita que la supongo progresando mucho en inteligencia y en desarrollo físico, y deseando que me escriba acerca de Murguía, se repite de U. afectísimo amigo Q. B. S. M., Eduardo Pondal.

2. De Rosalía de Castro a Eduardo Pondal (Santiago, 6-4-1864)^[16]

Mi estimado amigo: Después de los apuntes biográficos sobre Mourelle que me ha enviado, recibí su atenta carta, que me ha causado gran satisfacción, tanto por la amabilidad con que en ella nos trata, como por saber que sigue V. tan mejorado. En verdad, no podía menos de ser así, pues según todas las apariencias, aún cuando se hallase V. un poco delicado, no presentaba ninguno de esos síntomas fatales que el menos entendedor es capaz de conocer. Le diré, pues, hante todo, que prosiga cazando y comiendo bien sobre todo, que es lo esencial, y al cabo de algún tiempo espero que llegaremos a verle tan bueno como es de desear. Por mi parte, le puedo asegurar que las aguas de Caldas obraron en mí un verdadero milagro. Pasé todo este invierno (que ha sido crudo), sin un constipado, cosa que en mí casi parece imposible, y si no estoy robusta, que fuera mucho decir, ya no tengo por lo menos aquel semblante demacrado y aquellas mejillas enjutas que me hacían parecer diez años más vieja, ni aquella postración general que me hacía semejante a un mueble inútil. Ahora suvo y bajo, corro y paseo sin grande agitación; en resumen, paso tan bien la vida como nunca me atrevería a esperar. Con esto debe V. cobrar inmensas esperanzas, pues no puedo suponerse juzgue V. más enfermo que la estaba yo, a quien Varela^[17] juzgaba muger muerta. Yo misma, a quien todos suponían llena de aprensión, me sentía morir realmente y a pasos agigantados, siendo solo mi gran fuerza de espíritu lo que me hacía sostenerme en pie. Verdaderamente estaba mortal, todo lo tenía contra mí, sin ninguna probabilidad favorable y, sin embargo, aquí me tiene V. resucitada, ¡a Dios gracias!

Respecto a trabajar, absolutamente nada. Y aún cuando V. se digna hacerme algunos elogios, que estoy muy lejos de merecer y que solo puedo deber a su buena amistad, le aseguro que se pierde muy poco con que yo no escriba. Francamente, no tengo ninguna fe en la gloria y, por otra parte, conozco demasiado mis pequeñas fuerzas. Acaso consistirá en que soy muy ambiciosa, pero es lo cierto que nada de cuanto hice me satisface en lo más mínimo y, por eso, después de haber ensayado algunos

[15] Giambattista Casti (1724 - 1803) foi un poeta italiano, con obras de teor satírico, e, tamén, autor de libretos de óperas lixeiras. As súas obras máis coñecidas son *Gli animali parlanti* (1802), unha alegoría poética con ampla recepción nas literaturas europeas, e as *Novelle galanti* (póstumas, 1804), narracións poéticas en oitavas reais.

Só está localizada a tradución que Eduardo Pondal realizou do soneto «Anhelos», de Francisco Rodríguez Marín, e «Margarita», de Mariano José de Val (véxase Pondal 2001: 117-120).

[16] Publicada en Ferreiro (1991: 85-87; 2017: 160-162).

[17] José Varela de Montes (1796-1868), catedrático e decano da Facultade de Medicina de Santiago, que atendeu a nai de Rosalía no momento do parto e foi o que levou Rosalía ao bautismo.

nuevos trabajos de los cuales quedé muy descontenta, he roto cuanto hice y no volví a cojer la pluma. Manolo^[18] me riñe algunas veces, pero nada mejor que uno conoce hasta donde puede alcanzar, y como no tengo demasiada paciencia para luchar, me abandono, combencida de que poco se pierde. V. sí que debía dedicarse formalmente a hacer algo original, pues aunque mi pobre juicio de nada vale, sin que pretenda devolverle a V. una galantería le diré, como lo he dicho siempre, que sus versos son los que me hacen sentir más de cuantos en Galicia se escriben. Aún cuando por mero descuido sea V. algunas veces desaliñado, sus versos siempre son versos, y versos de ese género que no puede menos de impresionar, porque encierran ese sentimiento escojido que vibra en el corazón y que solo se encuentra en el que ha nacido verdaderamente poeta. Por esto, me atrevería a aconsejarle que, permitiéndoselo su salud, mejor que traducir, hiciese cosas originales. En mi opinión, el traducir en versos es un trabajo demasiado penoso y demasiado ingrato: todos por lo general se admiran del genio del auctor y jamás del traductor; es, en fin, un trabajo de abnegación y, cuando se tiene genio, pienso que no se debe desperdiciar el bigor de su inteligencia en un trabajo ajeno.

Cuando sea V. viejo ya es otra cosa, pero en tanto tenga V. fuego en el corazón trabaje V. para alcanzar gloria y demostrar a las gentes que esta pobre tierra que se llama Galicia también tiene poetas, pues por lo de ahora devemos confesar que respecto a ese punto nos encontramos flojos.

Manolo se halla en Madrid desde Noviembre y vive para lo que a V. se le ofrezca «Calle del Gato, nº 4, cuarto 2º». Hoy me escribe que piensa venirse en todo este mes, pero como las cosas de Madrid son cosas de Corte no sé si en realidad podrá cumplir lo que promete. El ofrecimiento que V. le hace con tanta franqueza y por el cual le doy las más sinceras gracias, pienso que ha de ser muy de su agrado, y yo estaría muy lejos de oponerme a una cosa que así le complace a él como a un amigo como V. Quede pues sentado que por mi parte no abrá el menor inconveniente en que VV. pasen juntos parte del verano, siendo por el contrario una gran satisfacción para mí el que V. le honre de tal modo con su aprecio. Le he dado parte del recivo de su carta y de sus apuntes; hoy le escribiré las señas con que se ha de derijir a V. y pienso que pronto sabrá V. del directamente.

Nada más le digo, sino que me alegraré progrese en su salud y que heche lejos de sí toda aprensión. Con el buen método de vida que ha emprendido pronto le veremos en buen camino. Y en ello sentirá una verdadera satisfacción, la que le estima con la mayor sinceridad, afectísima amiga, Q. B. S. M., Rosalía Castro de Murguía.

3. De Eduardo Pondal a Rosalía de Castro [fragm.] (Ponteceso, 6-5-1864)

[...]migo la temporada de verano, y con eso podrá formar juicio por si mismo.

Nada más por hoy. Un cariñoso beso de mi parte a Alejandrita; y si está Murguía, haga V. esta suya.

Y aguardando sus órdenes, se repite de V. afectísimo amigo, Eduardo Pondal.

P. D. Mi salud va bien.

[18] Refírese, obviamente, a Manuel Murguía.

4. De Rosalía de Castro a Eduardo Pondal (Lestrobe, 10-7-1881)^[19]

Mi apreciable y distinguido amigo: He tenido el gusto de recibir su atenta carta y me apresuro a decirle son en mi poder los 400 rs. que V. ha tenido a bien entregarle para mí a don Felipe Núñez.

Doile a V. un millón de gracias por las molestias que en nuestro obsequio se toma y le suplico nos dispense el que le obliquemos, impulsados por la necesidad, a ocuparse de la venta de una mercancía^[20] que, como V. dice muy bien, tan poca salida tiene en nuestras plazas; aunque es posible que por esta vez consista la escasez de compradores en lo flojo del género.

Mucho le agradezco asimismo las venévolas frases con que procura halentarme, pero creyéndolas inspiradas por su generosidad y la buena amistad que nos profesa, no pueden hacerme esperar en la inmortalidad que nunca le estuvo reservada a las medianías, en cuyo número me cuento. Trabajo, pues, amigo Pondal, por que las circunstancias me obligan a ello y al trabajar, lo hago como puedo y sé, en aquello que siento y es más grato a mi corazón: el enaltecimiento de nuestra amada Galicia.

Y a propósito de esto, ¿cuándo saldrá a luz el poema que tiene V. anunciado?^[21] Yo lo espero con ansia hace tiempo, y lo mismo les pasa a todos los amantes de la verdadera poesía y que desean refrescar el entendimiento con algo selecto y delicado. V., que es de los verdaderos elegidos, es el que no debe dormirse ni un día; no nos haga, pues, esperar mucho la publicación de su obra que supongo, a juzgar por su índole y el amor con que V. parece tratarla, ha de superar todavía en mérito a las que todos conocemos.

Sin más, con afectuosos recuerdos de Alejandra, tengo la satisfacción de repetirme su admiradora y afectísima amiga q. s. m. v., Rosalía Castro de Murguía.

5. De Eduardo Pondal a Rosalía de Castro (Laxe, 1-10-1882)^[22]

Mi muy estimada y distinguida amiga: como hace ya tanto tiempo que nada sé de U. ni de Murguía, espero que no se olvide de dirigirme unos cuantos renglones, participándome como siguen.

Desde mi rústico albergue de Puente-Ceso, escribí a Murguía a Madrid y como nada me haya contestado, juzgo que anda muy ocupado, y esa sería la causa de su prolongado silencio.

No obstante, que sabe cuanto le estimo, y que por consiguiente me sería muy grato el tener noticias tuyas.

Yo hace cosa de un año que vegeto por este país, ocupándome más en el propio esparcimiento que en trabajos literarios, los cuales, como U. sabe, son valores que no se cotizan en nuestro mercado y entre nuestros galleguistas que tanto odian y desdeñan a los que, como ellos dicen, nos ocupamos en perder el tiempo.

No se olvide U. Rosalía que les recuerdo mucho, mucho, y que deseo con ansia saber de UU.

Suyo siempre affº. amigo, Eduardo Pondal.

Mis recuerdos afectuosos a Pepe y Ramón Hermida^[23].

[19] Publicada en Ferreiro (1991: 101-102; 2017: 174-175).

[20] A “mercancía” pode referirse a *Follas Novas*, publicado no ano anterior.

[21] Refírese a *Os Eoas*.

[22] Publicada en Barreiro Fernández & Axeitos (2005: 424-425) e Ferreiro (2017: 175).

[23] Os irmáns Pepe e Ramón Hermida Castro, curmáns de Rosalía, eran os propietarios das Torres de Lestrobe, onde naceron Ovidio e Gala.

6. De Eduardo Pondal a Rosalía de Castro (Ponteceso, 11-3-1883)

Mi muy estimada y distinguida amiga: en el caso de que Murguía, al cual supongo en Madrid, no esté por ahí espero me haga el obsequio de remitirme los artículos críticos que sobre los poetas gallegos publicó en un periódico de Buenos Ayres, bajo el título de los "Precursores".

V. y Murguía saben el interés con que siempre leo sus trabajos literarios.

Saluda a VV. afectuosamente y les desea salud y felicidad, este su constante amigo, Eduardo Pondal.

7. De Eduardo Pondal a Rosalía de Castro (Santiago, 18-5-1884)^[24]

Mi muy estimada y distinguida amiga: Ávidamente y con un placer indecible he leído las estrofas de su última colección poética *En las orillas del Sar*.

Escuso decir a V. que todas, todas, me parecieron muy bellas; y aún cuando sus brillantes trabajos anteriores no vinieran en su abono, el que ahora nos presenta bastaría por si solo a manifestarla no como pofe]tisa sino como poeta insigne.

Da a V., pues, su más cumplida enhorabuena y las más expresivas gracias por su fina atención este su sincero amigo, Eduardo Pondal.

P. D. Tengo confianza en que su salud mejorará; buena higiene, ejercicio moderado, buen ánimo, y no tener aprensión.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2000): "Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos", *Revista de Estudios Rosalianos*, 1: 11-43.

Anónimo (1885): "Rosalía Castro", *El Ciclón*, Santiago, 18-7-1885, 94: 1.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón & Axeitos, Xosé Luís (2003): *Cartas a Murguía I*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

— (2005): *Cartas a Murguía II (1868-1885)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Bouza Brey, Fermín (1950): "Poesía de Pondal a Rosalía enferma", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, V: 144-145.

[24] Publicada por Rodríguez Yordi (1959: 72-75), Carballo Calero (1963: 312) e Ferreiro (1991: 113; 2017: 180).

Carballo Calero, Ricardo (1963): «Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XVIII, 56: 303-313.

— (1979 [1959-1960]): “Rosalía de Castro e Eduarda Pondal”, en *Estudios rosalianos*: 43-52. Vigo: Galaxia.

— (1984): “A meninha gaiteira e o bom bergantinhám: cem anos despois”. *A Nosa Terra*. Extra *A nosa cultura 1 (Rosalía viva)*: 41-44.

Castro, Rosalía de (1992): *Poesía galega completa. I. Cantares Gallegos*. Ed. de Andrés Pociña e Aurora López. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Ferreiro, Manuel (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.

— (2017): *Eduardo Pondal, o cantor do eido noso*. Santiago de Compostela: Laiovento.

García Negro, María Pilar (2006): “Estudo introdutorio”, en Rosalía de Castro, *El caballero de las botas azules. Lieders. Las Literatas*: 13-144. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

García Vega, Lucía (2010): “Os espazos necrolóxico e elexíaco de Rosalía de Castro na prensa de Madrid e de Galicia”, *Madrygal*, 14: 81-92.

Lama, María Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1937-1863)*. Vigo: Galaxia.

Murguía, Manuel (1870): “Pensamientos”, *La Ilustración de Madrid. Revista de política, ciencias, artes y literatura*, Madrid, 27-10-1870, 20: 7-10.

— (1879): “D. Saturnino Alvarez Bugallal. Apuntes biográficos (I)”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 20-1-1879, 2: 13-14.

— (1886): *Los Precursores*. Coruña: Imprenta de La Voz de Galicia.

— (1917): “Don Eduardo Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1-4-1917, 116: 200-202.

Neira Pérez, Juan Félix (2010): “Dous autógrafos inéditos de Eduardo Pondal: o Banquete de Conxo”, *Boletín da Real Academia Galega*, 371: 363-373.

Pondal, Eduardo (2001): *Poesía Galega Completa. II. Poemas Impresos*. Ed. de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Rodríguez, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (A persoa e a obra de onte a hoxe)*. A Coruña: AS-PG.

— (2012): “Vémonos en Caldas ou Cuntis”. Disponível en: <https://retrincomensual.wordpress.com/?s=v%C3%A9monos&search=Ir>

R[odríguez] S[eoane], L[uis] (1885): “Rosalía Castro”, *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 17-7-1885.

Rodríguez Yordi, Julio (1959): «Una carta a Rosalía», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 333-338: 57-88.

Vicenti, Alfredo (1879): “Historias literarias. Aurelio Aguirre”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 30-9-1879, 27: 323-324.

Vilar, Manuel (s.d.): “Muxía e Rosalía. Rosalía e Muxía”. Disponível en: <http://lopezabente.org/abente/data/_uploaded/file/Texto%20Rosalia%20e%20Mux%C3%ADa%20de%20Manuel%20Vilar.pdf>

Publicamos este segundo número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Padrón



CONCELLO
DE PADRÓN



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO